



# PLAN DIXITAL

# [CEIP O SALVADOR]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O CEIP O Salvador atópase na rúa José Yáñez S/N no concello de A Pastoriza, na provincia de Lugo.

O teléfono de contacto é o 982 87 00 25 e a páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposalvador/>

O centro conta con 9 unidades repartidas do seguinte xeito: 3 de educación infantil e 9 de educación primaria.

No presente curso contamos con 92 alumnos e alumnas e 16 mestres distribuídos do seguinte xeito.

EDUCACIÓN INFANTIL	
Nivel	Nº DE ALUMNOS
4º curso	9
5º curso	8
6º curso	13

EDUCACIÓN PRIMARIA	
Nivel	Nº DE ALUMNOS
1º curso	6
2º curso	10
3º curso	13
4º curso	8
5º curso	14
6º curso	10

Nº DE MESTRES	INFANTIL	PRIMARIA	ESPECIALISTAS
16	3	6	7

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP O Salvador comezaba a súa historia no ano 1977 cuns 500 alumnos aproximadamente. Ata o día de hoxe este dato foi caendo, encontrándonos actualmente con 92 alumnos e alumnas no centro. O municipio de A Pastoriza conta cuns 3.000 habitantes presentando unha densidade de poboación de 24'52 hab./Km2 e un hábitat rural moi diseminado (unhas 10 aldeas por parroquia). O incremento das granxas leiteiras ecolóxicas tamén foi un impulso no último lustro para a zona, sendo o principal eixe vertebrador da nosa economía. Así mesmo, aumentou a poboación doutros países, principalmente Marrocos, en busca de novas oportunidades. Isto bríndanos tamén un carácter multicultural e enriquecedor que nos permitirá proporcionar máis calidade a este plan. Tamén contamos cun menor número de poboación que se adica a outras actividades laborais relacionadas co sector servizos por exemplo, e a maioría de eles están relacionados de forma directa ou indirecta coa agricultura e gandaría. O presente Plan Dixital insírese dentro das dinámicas de traballo reflectidas no Proxecto Educativo, (PE) e polo tanto dentro da dinámica diaria de aula. O noso PE , recolle a importancia do traballo coas TIC para acadar unha axeitada competencia dixital do noso alumnado, e para acceder ás fontes de información e recursos multimedia que contribúen a mellora de todas as competencias. O Plan Dixital será un paso máis para trazar unha folla de ruta máis planificada e organizada de cara a acadar uns obxectivos globais que impliquen á totalidade da comunidade educativa, priorizando e facendo unha distribución temporal de todas as accións que sexan precisas.

Sempre dentro do marco do PE, implementaranse os mecanismos axeitados para corrixir e adaptar tempos e procedementos no plan de acción deseñado nun inicio.

O Plan Dixital vai estar ligado aos demais proxectos que se veñen desenvolvendo no centro, compartindo obxectivos e dinámicas de traballo:

- Co proxecto E-Dixgal, cos que comparte obxectivos e propostas de traballo.
- Co PLAMBE en todo o relacionado coa dixitalización e contidos audiovisuais. Favorecendo a busca de recursos e contidos en formato dixital que contribúan a unha axeitada implementación segura da tecnoloxía.
- Co EDLG contribuindo a fomentar o emprego de recursos en galego e mesmo na tradución e dobraxe de contidos educativos dos que agora mesmo temos unha gran falta. Partimos da evidencia de que a lingua galega só poderá sobrevivir se somos quen de introducila de xeito decidido no mundo da tecnoloxía.
- Co Plan de Convivencia, xa que non é posible traballar a convivencia nos nosos centros sen adicar un tempo e un espazo a fomentar no noso alumnado o respecto ao traballo dos demais, intimidade, identidade, privacidade e liberdade individual.

O Plan Dixital estará encadrado dentro da PXA do curso 2022/2023. Con ela deberá compartir os obxectivos xerais e as liñas de traballo dos diferentes equipos e departamentos didácticos e servirá de referencia á hora de programar as actividades e proxectos que se definan dende o inicio de curso.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital pretende con dito plan:

- Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso da innovación e das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o PD como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

A análise inicial levada a cabo realizouse tendo en conta os seguintes aspectos:

- Análise da competencia dixital de centro (alumnado, profesorado e membros do equipo directivo) a través das ferramentas SELFIE e Test CDD, así como a elaboración do DAFO cos datos recollidos.
- Análise dos recursos do alumnado.
- Análise da infraestrutura, recursos e estado do centro.
- Análise da situación actual.

## 2. Situación de partida

O proceso de elaboración do presente PDC encádrase na Resolución de 3 de setembro de 2021, na que se establecen as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021/2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. Con tal obxecto e, sempre dentro do marco das instrucións recibidas da Administración Educativa, no mes de setembro solicitouse ao CFR a realización dun PFPP sobre a elaboración do Plan Dixital. Constituíuse un equipo e nomeouse unha persoa encargada da súa coordinación. Os primeiros pasos deste equipo, foron de busca e catalogación da información que ata ese momento había.

Coa creación da Rede Galega de Educación Dixital no mes de novembro, e o posterior proceso de mentorización dos centros de Galicia, iniciouse o procedemento que nos acabaría levando a este documento.

Realizouse unha diagnose para coñecer o estado do proceso de implementación da tecnoloxía no noso centro, para establecer o punto de partida fiable e acadable. Esta diagnose baseouse en dúas ferramentas:

1 SELFIE	Ferramenta elaborada pola Comisión Europea, que ten como obxectivo achegarse á realidade partindo das opinións de toda a comunidade educativa, equipos directivos, profesorado e alumnado maior de 9 anos. O nivel de participación neste test, foi satisfactoria, polo que consideramos que os datos reflexan unha imaxe axustada á realidade
2 TEST CDD	Para coñecer o nivel de competencia dixital do profesorado do centro. Coa enquisa puidemos constatar que os seus resultados nos deron unha información relevante e útil para deseñar un plan de acción que consideramos axeitado.
3 DAFO	<b>Debilidades e ameazas</b> para tratar de corrixilas coas <b>fortalezas e oportunidades</b> , ao mesmo tempo que se propón manter aqueles aspectos positivos para, a partir de aí, elaborar unha estratexia.
4 OBXECTIVOS	formular os obxectivos que queríamos acadar despois de analizar todo isto.

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha infraestrutura dixital que se foi actualizando ao longo dos anos grazas as aportacións dos diferentes ámbitos da administración, das familias e da ANPA. O resultado de todos estes procesos é que todas as estancias do centro contan con cableado de datos. A velocidade da conexión é axeitada e acaban de instalarnos fibra óptica.

### 2.2. Aínda así, os recursos non son suficientes e, en moitos casos, non están actualizados:

- ✗ **Ordenadores nas aulas.** En cada aula hai un dispositivo para o profesorado, onde todos son ordenadores portátiles (aulas infantil, primaria e especialidades).
- ✗ **Ordenadores en administración.** En dirección, secretaría e xefatura de estudos hai 3 ordenadores, pero obsoletos e que teñen diferentes problemáticas.
- ✗ **Tabletas e ordenadores do alumnado.** De SNAPPET para o uso do alumnado de 3º e 4º. O custo destas tabletas págano as familias. E Edixgal para o alumnado de 5º e 6º de educación primaria, que comezamos o presente ano.
- ✗ **Proxectores.** Todas as aulas de Infantil e todas as de Primaria están dotadas de proxectores, sendo un total de 9. Así mesmo, contamos con outros proxectores nas aulas dos especialistas e na biblioteca.



### 2.3. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado	4.7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	3.9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.5				

#### Test CDD:

##### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	9	88,9%
INTERINO	3	3	100%
DESPRAZADO	1	1	100%
PROVISIONAL	3	3	100%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,5	INTEGRADOR/A (B1)	76,4	INTEGRADOR/A (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	78,3	INTEGRADOR/A (B1)	68,2	INTEGRADOR (B1)
PRI	75,7	INTEGRADOR/A (B1)	77	INTEGRADOR/A (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5.9%
A2	6	35.3%
B1	5	29.4%
B2	4	23.5%
C1	0	0%
C2	1	5.9%
<b>TOTAL</b>	17	100,00%

## 2.4. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1 e C5: MELLORA NA REDE COA INSTALACIÓN DE FIBRA ÓPTICA E DOTACIÓN PARA O PROFESORADO DE EQUIPAMENTO	C14:FALTA DE DOTACIÓN DE EQUIPOS E ESPAZOS POR AULA PARA TODO O ALUMNADO
	PERSONAL DOCENTE	A5:O BO GRUPO QUE FORMAMOS E A CALIDADE HUMANA DE TODOS E TODAS E A CAPACIDADE PARA AXUDARSE UNS A OUTROS E A COMUNICACIÓN INTERNA	A4 E A5: MELLORAR NOS COÑECEMENTOS DIXITAIS, NON SE COÑECEN OS DEREITOS DE AUTOR EN PROFUNDIDADE
	PERSONAL DOCENTE NON	A5RECURSOS DISPOÑIBLES QUE EMPREGAN A TECNOLOXÍA COMO SISTEMA DE COMUNICACIÓN E MELLORA.	A5:INVOLUCRARSE MÁIS E ANIMAR AO PERSONAL DOCENTE A QUE SE FORME E EMPREGUE AS NOVAS TECNOLOXÍAS
	ALUMNADO	E5:MOTIVACIÓN POLAS NOVAS TECNOLOXÍAS PARA PARTICIPAR EN PROXECTOS INTERDISCIPLINARES	H4-6-7-8-10-11-13: FALTA DE FORMACIÓN DIXITAL E DOTACIÓN NO CENTRO DE EQUIPOS PARA O ALUMNADO
	FAMILIAS	RESPOSTA POSITIVA A PROPOSTAS DO CENTRO	A5:FALTA DE INTERESE POLAS NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO MARCO EDUCATIVO
	OFERTA	F6: USO DE EDIXGAL EN 5º6º EP E USO DE SNAPPET EN 3º E 4º EP	F6: FALTA DUNHA OFERTA GLOBAL E COHESIONADA A NIVEL CENTRO

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	G1: USO DAS MESMAS FERRAMENTAS PARA LEVAR A CABO AS XESTIÓNS E O EIDO PEDAGÓXICO	G3-5-6: CONSOLIDAR O USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS DE XEITO EQUITATIVO EN TÓDOLOS CURSOS
--	------------------------	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	F6: Opción de unirse a diferentes proxectos a través de "Agrupaciones Escolares" onde se realiza un proxecto intercentros de todo ámbito estatal.	F6: A falta de palpar a realidade dos centros e o distanciamento con estes para poder dotalos e dálles a resposta que necesitan máis alá da normativa.
	LEXISLACIÓN		Demasiado densa e pouco práctica e relacionada coa realidade dos centros.
	CONTORNA	Gran resposta en canto ao relacionado co centro e coas novas tecnoloxías	B3: Que debería involucrarse máis xente na ANPA
	ANPA	B:Permítenos facer unha simbiose entre o rural, natureza e novas tecnoloxías	Que chegue unha rede de internet óptima a todos os fogares tendo en conta a dispersión da poboación en Galicia
	OUTRAS ENTIDADES	B3:Unirnos a través das novas tecnoloxías con empresas, asociacións e grupos da zona	B2.:Falta de interese ou información.

### 3. Plan de Acción

O Plan de Acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso 2022/2023 segundo a prioridade de actuación que se requira.

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo, estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, aos datos reflectidos no DAFO, ao análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, conexión, plataformas e servizos dixitais e mantemento necesario, entre outros) e ao análise realizado dos recursos dispoñibles do alumnado.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Analizando os resultados do noso DAFO, decatámonos cales eran os nosos puntos fracos e tratamos de remedialos.

Logo da sesión online cos equipos ADIX, explicóuselle ao claustro o procedemento a seguir para elaborar os obxectivos e o Plan de Acción partindo de eses puntos fracos que detectamos cando fixemos a análise do noso DAFO.

Tras uns días de reflexión e traballo individual, fixemos unha posta en común e elaboramos, de maneira conxunta os obxectivos que se mostran a continuación.

Estes serán revisados anualmente e son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

As táboas dos obxectivos recollen os seguintes aspectos:

Área de mellora.

Obxectivo.

Indicadores do obxectivo.

Valor de partida.

Valor previsto e data.

Accións a desenvolver: descrición, responsables, data prevista de fin, recursos necesarios.

Seguimento da acción: valoración e estado (realizada, aprazada ou pendente).

As áreas nas que nos centramos para determinar os obxectivos (que deben ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal), son as áreas E e C. Os obxectivos foron contextualizados en base a estas dúas áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Como xa vimos comentando ao longo deste documento, gran parte dos nosos equipos están obsoletos, e precisamos un maior número deles. Precisamos:

- Entre 10 e 12 ordenadores para poñer en funcionamento a aula de informática que non temos e poder renovar os pc de sobremesa da biblioteca que non funcionan
- Renovar os ordenadores da sala de profesores, de dirección e das aulas.
- Dotar a todas as aulas de PDI , posto que nalgunha só hai proxector sen función interactivas.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	FORMAR Á COMUNIDADE EDUCATIVA				Acadado	
<b>Responsable:</b>	ADMINISTRACIÓN, EQUIPO DIRECTIVO, COORDINADOR/A TIC DO CENTRO.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	FORMACIÓN QUE SE IMPARTE A MESTRES, ALUMNOS E FAMILIAS					
<b>Valor de partida: (3)</b>	FORMACIÓN MEDIA-BAIXA NA COMUNIDADE EDUCATIVA 50%					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	75% acadar unha formación media			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Avaliar e formar ao alumnado partindo dos coñecementos previos.	ADMON CFR Coordinador/a TIC	Xuño 2023	ADMON CFR Coordinador/a TIC Acceso a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Avaliar e formar ao profesorado partindo dos coñecementos previos.	ADMON CFR Coordinador/a TIC	Xuño 2023	ADMON CFR Coordinador/a TIC Acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Avaliar e formar ás familias partindo dos coñecementos previos.	ADMON CFR Coordinador/a TIC	Xuño 2023	ADMON CFR Coordinador/a TIC Acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
<b>OBXECTIVO 1 (3):</b>	DOTAR AO CENTRO DE EQUIPAMENTO TIC E RENOVAR/ ACTUALIZAR O ACTUAL. (C2, C8, C5)				Acadado	

<b>Área/s de mellora:</b>			
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Fomentar un apoio directo por parte de formadores.		<b>Acadado</b>
<b>Responsable/s:</b>	Administración.		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de obxectivos e compromiso que poñen por formar aos centros educativos.		
<b>Valor de partida: (3)</b>	5%		
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50%	XUÑO 2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Formación no propio centro para os Mestres e algo significativo para o proceso de E-A.	Administración.	XUÑO 2023	Formadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Marcar liñas de traballo claras e realistas por parte da administración.	Administración.	DECEMBRO 2022	Formadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Coñecer a realidade dixital dos centros a administración.	Administración.	DECEMBRO 2022	Formadores.		Realizada	



Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	DOTAR AO CENTRO DE EQUIPAMENTO TIC E RENOVAR/ ACTUALIZAR O ACTUAL.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	EQUIPO DIRECTIVO E COORDINADOR/A TIC DO CENTRO.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	CANTIDADE DE NOVOS EQUIPOS E DE EQUIPOS ACTUALIZADOS E RENOVADOS.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	NINGÚN EQUIPO NOVO, ACTUALIZADO OU RENOVADO.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	80% do centro dotado de equipos e os actuais renovados e actualizados.			XUÑO 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Inventariar e avaliar o estado dos equipos dixitais do centro.	Coordinador/a TIC	Decembro 2022	Persoa coordinadora. Claustro e táboas de rexistro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Demandar á Administración Educativa a renovación dos equipos obsoletos e a dotación de novos dispositivos para a axeitada implementación do Plan Dixital.	Coordinador/a TIC e Equipo Directivo.	Final do primeiro trimestre.	Coordinador/a TIC, Equipo Directivo e UAC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Conceder dispoñibilidade horaria ao coordinador/a TIC.	Equipo Directivo. Inspección Educativa.	Setembro 2022	Coordinador/a TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Fomentar o uso da Aula Virtual do centro entre toda a comunidade educativa en tódolos niveis.				Acadado	
<b>Responsable/s:</b>	Equipo Directivo, Coordinador/a TIC e claustro.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de aulas que empregan a Aula Virtual de xeito habitual.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	20%					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100%			XUÑO 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reorganización da Aula virtual para que sexa máis accesible e intuitiva. Asemellándoa ao EDIXGAL	Equipo Directivo, Coordinador/a TIC, Claustro.	XUÑO 2023	Internet e recursos proporcionados pola Consellería de Educación: ordenadores, tablets...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación de un PFPP para que o profesorado reciba a formación necesaria e seguir todos/as a mesma liña de traballo.	Equipo Directivo, Coordinador/a TIC, Claustro.	DECEMBRO 2022	Internet e ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Formación para o alumnado e as familias para que coñezan o funcionamento básico da Aula Virtual.	Equipo Directivo, Coordinador/a TIC, Claustro.	MARZO 2023	Internet e ordenadores.		Realizada	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

**(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. Avaliación do plan

A avaliación terá como punto de partida os obxectivos propostos e levarase a cabo en tres momentos:

- Avaliación inicial: son todos os pasos previos á implementación deste Plan Dixital.
- Avaliación procesual: que se realizará unha vez por trimestre. Empregaranse diferentes técnicas e instrumentos para a súa realización, entre os que destacamos as rúbricas que incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados. Esta avaliación permitiranos realizar cambios e propostas de mellora de xeito máis constante.
- Avaliación final: terá lugar en xuño do 2023. Veremos o grao de consecución dos obxectivos e faranse propostas de cambios ou melloras en aspectos nos que a valoración non sexa positiva.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital formará parte dos documentos de centro e estará dispoñible para toda a comunidade educativa. Informarase ás familias da existencia deste documento a través dos seus representantes no Consello Escolar e publicaráse na páxina web do colexio.